



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, E O EXCMO. CONCELLO DE OURENSE PARA REGULAR A TRANSMISIÓN DA TITULARIDADE DUNHA PARCELA E A CONSTRUCCIÓN NELA DUN CENTRO RESIDENCIAL E DE ATENCIÓN DIÚRNA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, don José Manuel Rey Varela, Conselleiro de Política Social, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, así como no Decreto 177/2016, de 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 176/2015, do 03 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social (en adiante Consellería).

Doutra parte, don Jesús Vázquez Abad, alcalde do Concello de Ourense (en adiante Concello), no seu nome e representación, actuando no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 124.4.a da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.





Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade para obrigarse e outorgar este Convenio en nome da Consellería de política Social e do Concello de Ourense respectivamente.

EXPOÑEN

I Que ambas institucións teñen obxectivos comúns e competencias concorrentes no ámbito da asistencia social, supresión de barreiras e accesibilidade.

II Que conforme ao establecido no do Decreto 176/2015, do 03 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a Consellería, a través da Dirección Xeral de Maiores e persoas con discapacidade ostenta as competencias de dirixir, impulsar, xestionar, planificar, coordinar, controlar e supervisar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, ás persoas con discapacidade e persoas dependentes en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

III Pola súa banda, a Ordenanza Municipal do Concello de Ourense sobre supresión de barreiras e accesibilidade establece no seu artigo 1 a obriga de regular as circunstancias urbanísticas e construtivas que impliquen unha mellora na accesibilidade, chegando incluso a poder artellar mecanismos de ocupación do dominio público no caso de que a necesidade quede acreditada.

IV Ambas institucións consideran positivamente que, a realización dunha actuación dirixida a asistencia e inserción de persoas con discapacidade física, psíquica e sensorial redunda no benestar da Comunidade Autónoma de Galicia e máis concretamente na supresión de barreiras arquitectónicas da cidadanía do Concello de Ourense.

V Sobre a base do exposto con anterioridade ábrese un amplo espectro de posibilidades de colaboración. Nesta liña estiveron a traballar no último ano a Consellería e o Concello, chegando



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Secretaría Xeral Técnica



Concello de
OURENSE

galicia

a conclusión de que a actuación máis idónea para acadar os obxectivos previstos no presente convenio pasa pola construción dun Centro para atención a persoas con discapacidade no Concello de Ourense.

E en base a istes exponendos, conveñen en establecer o seguinte

CLAUSULADO

PRIMERA. Obxecto do convenio

O presente convenio de colaboración ten por obxecto enmarcar e coordinar as actuacións necesarias para conseguir a integración real e efectiva dos colectivos con discapacidade física, psíquica e sensorial.

Dita integración precisa de dotar aos colectivos con discapacidade física, psíquica e sensorial do Concello de Ourense dun "Centro residencial e de atención diurna para persoas con discapacidade na cidade de Ourense" (en adiante CAPD).

Para a consecución deste obxectivo, o Concello cederá unha parcela urbanística adecuada para elo, que é a que se describe no apartado seguinte, e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, ou daquela que no futuro asuma as competencias sectoriais nesta materia, procederá á construción, dotación e posta en funcionamento do CAPD, segundo se establece no clausulado que segue.

SEGUNDA. Obrigas das partes

1. Serán obrigas do Excmo. Concello de Ourense as seguintes:

- a) O Concello de Ourense acordará, a favor da Consellería de Política Social, a mutación demanial subxectiva da parcela PD-1B, Sector A-6 do PXOU de 1986, dunha superficie de 4593



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Secretaría Xeral Técnica



**Concello de
OURENSE**

galicia

m2 e uso dotacional público para a súa cesión gratuíta a aquela con destino á construción do CAPD.

A parcela está inscrita no Rexistro da Propiedade núm. 1 de Ourense, no folio 202, libro 1046, tomo 1.789, co número 63.786, código rexistral único 32012000644794, inscrición 2ª, coa seguinte descrición.

Urbana .- Parcela PD-1-B, no API A6 do PXOM de dous mil tres, antigo sector A-6 do PXOU de mil novecentos oitenta e seis, de Ourense, sita entre as rúas Antonio Román, V-9 do plan parcial do sector, e rúa Cesáreo González. Parcela de solo urbano consolidado, de uso dotacional público, con a edificabilidade prevista nos artigos 282 a 286 do PXOM de dos mil tres, cunha superficie de catro mil cincocentos noventa tres metros cadrados, cos seguintes lindeiros: norte, parcela desta segregada PD-1-A; sur, parcela ZV-1 do citado plan parcial; este, rúa Cesáreo González e oeste, parcelas A-1, A-2 y A- do citado plan parcial.

Referencia catastral: 4771117NG9837S0001OG.

A Consellería de Política Social ten elaborado un primeiro estudo no que se reflicte o programa e a capacidade que terá este novo equipamento cunha superficie estimada de 4.000 m2 construídos para ofertar 110 prazas, que en principio resulta compatible co terreo que o Concello se compromete a ceder.

b) O concello de Ourense xustificará no prazo de un mes despois da sinatura do presente convenio a propiedade da parcela mediante calquera documento que acredite a súa titularidade e que permita a mutación demanial subxectiva da parcela en favor da consellería. Se o Concello non pode acreditar esta circunstancia comprométese coa Consellería a buscar outra parcela adecuada para o uso pretendido que será obxecto do mesmo estudo e xustificación que o establecido nos apartados 1 e 2 desta cláusula.

c) O Concello de Ourense comprométese a realizar todos os trámites que esixa a lexislación reguladora dos bens das entidades locais que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión da devandita parcela á Consellería libre de cargas e gravames. No suposto de que o inmovible que está previsto construír deixase de prestar servizo como CAPD, o Concello poderá exercer o dereito de reversión sobre o devandito inmovible.

Aos efectos de acreditar o extremo relativo as cargas e gravames, o Concello deberá presentar unha declaración responsable de que o terreo está libre de cargas e gravames así como os xustificantes tributarios, bancarios e doutra índole que aseguren esta circunstancia no prazo de un mes desde a sinatura do Convenio. De existir cargas ou gravames, o Concello estará obrigada a emendar a situación nun prazo máximo que será negociado na Comisión de Seguimento prevista no presente Convenio.

- d) O Concello comprométese a artellar tódolos mecanismos ao seu alcance para axilizar a concesión dos títulos administrativos de natureza urbanística esixibles pola lexislación vixente para a construción, autorización de actividade, ocupación da edificación e apertura para a posta en funcionamento do CAPD, especialmente mediante a declaración de urxencia dos expedientes que se tramiten a tales efectos.

2. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, ou daquela outra que asuma no futuro as súas competencias, comprométese a:

- a) Aceptar a cesión gratuíta da parcela unha vez levada a cabo a mutación demanial subxectiva, pasando a ser a mesma de titularidade da Xunta de Galicia e procedendo a dala de alta no seu Inventario de Patrimonio.

A referida aceptación levarase a acabo de acordo co previsto para estes supostos na Lei 5/2011, de 30 de setembro de Patrimonio da Comunidade autónoma de Galicia.

- b) Asumir os gastos, impostos e taxas que se deriven das operacións xurídicas que procedan provocadas pola aceptación da cesión.
- c) Tramitar un procedemento público para a redacción do proxecto ou proxectos construtivos para o deseño do edificio e contorna destinado ás dependencias do centro de atención a persoas con discapacidade en Ourense.



- d) Proxectar e construír un CAPD dentro do prazo de catro anos a contar dende efectividade da transmisión da titularidade da parcela.
- e) Dotar ao centro do equipamento e instalacións axeitados para o desenvolvemento das súas funcións.
- f) Proceder á efectiva apertura do CAPD para que preste os servizos propios do mesmo.
- g) Respetar a normativa urbanística e as ordenanzas municipais vixentes en todos os procesos antes indicados; proxectar e construír o edificio con estrito cumprimento da normativa de accesibilidade establecida legal e regulamentariamente e do Código Técnico da Edificación vixentes; adaptar o edificio construído a súa contorna e urbanizar os espazos privados non ocupados fisicamente pola edificación nos termos establecidos nas normas urbanísticas.
- h) Facilitar ao Concello toda a información que este demande durante a fase de execución das obras.
- i) Manter a natureza demanial da parcela durante todo o período de funcionamento do CAPD.

TERCEIRA.- Relación de recursos humanos, materiais e económicos.

Cada unha das institucións levará a práctica o clausulado do presente convenio cos recursos humanos, materiais e económicos necesarios para que poida chegar a bo fin.

Neste sentido, o convenio non contén obrigas económicas para as partes, no sentido de aportacións económicas específicas ou finalistas provenientes dos orzamentos das dúas administracións públicas

CUARTA.- Establecemento dunha comisión mixta ou de seguimento

Para facilitar o seguimento da colaboración, constituirase unha comisión mixta composta por 2 representantes da Consellería, dous representantes do Concello , así como un secretario



designados ao efecto. Os membros da Comisión de Seguimento serán nomeados no prazo de 7 días naturais desde a sinatura do presente Convenio. Os representantes da Consellería serán nomeados polo Conselleiro de Política Social que será o Presidente. Os representantes do Excmo. Concello serán nomeados polo Alcalde . Actuará como secretario un funcionario da Consellería.

Para o desenvolvemento das súas funcións, a comisión poderá solicitar a asistencia e asesoramento da Deputación de Ourense.

No réxime de funcionamento da Comisión Mixta estarase ao disposto para os órganos colexiados nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Son funcións da Comisión Mixta:

- a) Velar pola correcta execución das obrigas contraídas polas partes.
- b) Velar pola efectiva disposición dos terreos por parte do Concello a favor da Consellería libre de cargas e gravames para o que se convocará unha reunión no mes seguinte á sinatura do seguinte convenio.
- c) Convocar unha reunión extraordinaria en caso de que se detecte a existencia de "cargas e gravames" a efectos de acadar unha solución de emendar o problema.
- d) Ser informada sobre os conflitos que poidan xurdir en canto a titularidade municipal dos terreos cedidos para que poida manifestar a súa opinión ou posición.

QUINTA.- Vixencia

O convenio estará vixente en tanto en canto subsistan as circunstancias que motivaron a súa sinatura, podendo demandar ambas partes as obrigas ás que ambas se comprometeron. En caso de controversia, reunirse obrigatoriamente a Comisión de Seguimento.



En todo caso, o presente convenio terá unha duración máxima de catro anos a contar dende a data da súa sinatura, podendo ser obxecto de prórroga por outro prazo similar ou inferior.

O convenio entenderase cumprido unha vez que o Concello autorice a primeira ocupación e posta en funcionamento do CAPD e iste preste servizo efectivo.

SEXTA.- Causas de resolución. Efectos.

Serán causas de resolución do presente Convenio o incumprimento das obrigas ás que as partes se compromenten na cláusula segunda do mesmo.

O incumprimento por parte da Consellería do clausulado, salvo causa de forza maior, ou ampliación de prazos negociada e acordada na Comisión de Seguimento, que impida o inicio da obra nos prazos establecidos no presente convenio e o efectivo establecemento e funcionamento do equipamento público, dará lugar a obriga de devolver a parcela o Excmo. Concello de Ourense.

Asemade procederá a obriga de devolver a parcela o Excmo. Concello de Ourense, polo mesmo procedemento indicado no párrafo anterior desta cláusula, cando cese de xeito efectivo a prestación dos servizos do CAPD e non se implante no prazo de tres anos no edificio un uso de carácter asistencial ou sanitario que substitúa o anterior e manteña a titularidade pública e o carácter demanial da parcela e da edificación.

OITAVA.- Carácter do Convenio

Este convenio ten natureza administrativa quedando suxeito ao disposto na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público, normativa local, concordante e de desenvolvemento.

Para resolver as cuestións litixiosas que xurdan no seu cumprimento estarase ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Secretaría Xeral Técnica



Concello de
OURENSE

galicia

Soamente se aplicará o dereito privado con carácter supletorio para cubrir dúbidas e lagunas que poidan xurdir.

NOVENA-Rexistro e publicidade

Para garantir a publicidade e transparencia o convenio inscribírase no Rexistro de Convenios regulado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo (DOG núm. 149, do 3 de agosto) e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro), que pretende ser un elemento de mellora dos mecanismos de transparencia e publicidade das actuacións da Administración autonómica galega.

Os representantes das partes asinantes dos convenios, manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto

E en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración en triplicado exemplar e a un só efecto en Santiago de Compostela

Pola C.de Política Social

O Concelleiro de Política Social

José Manuel Rey Varela

Polo Excmo. Concello de Ourense

O Alcalde-Presidente

Jesús Vázquez Abad